

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR: Un exemplo

Ciclo Formativo de G.S. en LABORATORIO DE ANÁLISE E DE CONTROL DE CALIDADE da familia profesional de QUÍMICA.

Acceso: *Terá preferencia o alumnado que cursara a modalidade de ciencias e Tecnoloxía e, dentro destes, o que cursara a materia de química.*

Duración: 2000 horas, repartidas entre o centro educativo e o centro de traballo.

Que se aprende a facer?: Organizar e coordinar as actividades de laboratorio e o plan de mostraxe, realizando ensaios e análises sobre materiais e produtos en proceso de acabado, orientados á investigación e ao control de calidade, así como interpretar os resultados obtidos, actuando baixo normas de boas prácticas no laboratorio.

En que ámbitos se traballa?: En empresas ou laboratorios de distintos sectores onde cumpra realizar ensaios físicos e fisicoquímicos, e análises químicas e instrumentais en materias e produtos orientados ao control de calidade e á investigación, así como naqueles en que sexa precioso realizar probas microbiolóxicas e biotecnolóxicas en áreas ambientais ou de alimentación, entre outras.

Que ocupacións se desempeñan?: Analista de laboratorio de titularidade pública ou privada, **analista** de laboratorio químico, de laboratorio microbiolóxico, de materiais, de industrias agroalimentarias, de industrias transformadoras, de centros de formación, investigación e desenvolvemento, **analista** microbiolóxico/a de industrias alimentarias, empresas ambientais e industrias biotecnolóxicas, de augas potables e residuais, de industria farmacéutica, de materias primas e acabamentos, **técnico/a** de laboratorio de química industrial, en control de calidade en industrias de manufacturas diversas, de ensaios de produtos de fabricación mecánica, de ensaios de materiais de construción.

Cales son os módulos deste ciclo?:

| MÓDULOS | HORAS |
|---|-------|
| Análise instrumental | 226 |
| Análise químicas | 320 |
| Calidade e seguridade no laboratorio | 123 |
| Empresa e iniciativa emprendedora | 53 |
| Ensaos biotecnolóxicos | 105 |
| Ensaos fisicoquímicos | 160 |
| Ensaos físicos | 123 |
| Ensaos microbiolóxicos | 160 |
| Formación e orientación laboral | 107 |
| Formación en centros de traballo | 384 |
| Mostraxe e preparación da mostra | 213 |
| Proxecto de laboratorio de análise e de control de calidade | 26 |

Que título se obtén?: Técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade.

A que outros estudos se pode acceder?: Acceso directo aos estudos universitarios de grao e a outro ciclo formativo de grao superior.

DESPOIS DO BACHARELATO... QUE?

1.- Estudos UNIVERSITARIOS:

- Estrutúranse en 3 ciclos, denominados:
 - GRAO.
 - MÁSTER.
 - DOUTORADO.

2.- Formación profesional de GRAO SUPERIOR

- **Acceso directo:** título de bacharelato.
- **Acceso mediante proba:** 19 anos ou 18 tendo superado un CFGM.
- **Oferta:** 22 familias profesionais.
- **Titulación:** Técnico Superior na correspondente profesión (nivel 3 de Cualificación).
- **Duración:** 2 cursos académicos en xeral, realizados entre o centro educativo e o centro de traballo.

3.- Ensinanzas ARTÍSTICAS

- **Acceso:** necesítase BAC para as ensinanzas de nivel profesional e superior e proba específica na maioría dos caos.
- **Oferta:**
 - **Ensinanzas de música e danza.** Niveis: Elemental (4 cursos), Profesional (6 cursos), Superior (son estudos universitarios de grao, 4 cursos).
 - **Ensinanzas de arte dramática** (Grao).
 - **Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño** (comprenden unha serie de ciclos de G.M. e de G.S).
 - **Ensinanzas artísticas superiores:**
 - Estudos superiores de deseño: Grao en deseño gráfico.
Grao en deseño de interiores.
Grao de produto.
Grao de moda.
 - Estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais (Grao).

4.- Ensinanzas TÉCNICO-DEPORTIVAS

- **Acceso:**
 - Título de técnico deportivo da mesma modalidade ou especialidade. Título de BAC ou equivalente. Sen ningún título, ter 19 anos e superar unha proba de madurez.
- **Título:** Técnico deportivo superior

5.- Outras ensinanzas: Estudos militares, oposicións ás forzas armadas, piloto civil, azafata de congresos e exposicións, ensinanzas de idiomas, etc.

6.- Mundo LABORAL: Oposicións, cursos de formación...